

# II edición com post acrñ



Implicáte na  
mellora ambiental  
do teu barrio.  
**Agora si. Faino!**

**Programa educativo  
sobre compostaxe  
caseira.**

Infórmate como  
participar nesta inciativa:

Chamando ao 010  
[medioambiente@coruna.es](mailto:medioambiente@coruna.es)  
[noseusitio.coruna.gal](http://noseusitio.coruna.gal)  
[coruna.gal/medioambiente](http://coruna.gal/medioambiente)

# Coñeces a compostaxe?

Consiste en transformar os residuos orgánicos do teu fogar nun fertilizante natural para as túas plantas ou xardín.

## Queres aprender a facelo? Apúntate a COMPOSTA CORUÑA


Chega a segunda edición deste programa educativo sobre compostaxe caseira dirixido a persoas maiores de idade, empadroadas na Coruña e con vivendas que teñan xardín ou horta, así como centros educativos ou entidades sen ánimo de lucro que dispoñan de espazos verdes.

Serán preto de 80 as vivendas e entidades seleccionadas, ás que se lles entregará un composteiro de residuos caseiro (340 l) para tratar os residuos orgánicos e convertelos en fertilizante natural.

As persoas e entidades seleccionadas contarán con atención telefónica, unha xornada de formación, unha guía informativa e tres visitas a domicilio realizadas polos educadores e educadoras deste programa ao longo do primeiro ano co fin de proporcionarlles asesoramento personalizado

e seguimento para conseguir o mellor compost posible!

As bases do programa sairán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e poderás consualtalas dende as páxinas web [noseusitio.coruna.gal](http://noseusitio.coruna.gal) e [coruna.gal/medioambiente](http://coruna.gal/medioambiente).



Por ecoloxía, por compromiso co teu barrio, ámate a participar!

A compostaxe é o xeito máis correcto de tratar os residuos, porque reduce case nun 50% o lixo que xeramos en cada vivenda e o converte no mellor fertilizante para a terra.

Facendo compost cos restos orgánicos na nosa casa tamén evitamos o seu transporte, tratamento na planta de Nostión e todas as molestias que estes residuos xeran cando os depositamos nos contedores da vía pública.

Entre todos e todas, facemos unha Coruña Viva: máis natural, saudable e comprometida!